

**Acta núm. 03/2026.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 3 de marzo de 2026.**

ASISTENTES:

Pablo Lago Sanmartín.
Sandy Marie Cebral Gómez.
José Antonio Vidal González.
María Rosa Romero Fariña.
Carlos Noya Pereira.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14:00 horas do 3 de marzo de 2026, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín, e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 02/2026, DO 17/02/2026.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS.
- 3º) COMUNICACIÓN PREVIA PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 4º) COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE OBRAS.
- 5º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 6º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 7º) MODIFICACIÓN DE LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 8º) CAMBIO DE TITULARIDADE LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 9º) PRÓRROGA DE COMUNICACIÓN PREVIA OBRAS.
- 10º) LICENZA DE VAO PERMANENTE.
- 11º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 02/2026, DO 17/02/2026.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 17.02.2026, acta núm. 02/2026.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS.

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por José Carlos Taibo Rivera, que di actuar en representación de ASTRID ALEJANDRA CAAMAÑO GEORGE, na que comunica que vai executar obras de acondicionamento no local nº 7, do edificio comercial sito entre a Avda. de Noia nº 16 e a Avda. dos Ánxeles nº 38, para destinalo a salón de beleza (salón de uñas), consonte co proxecto redactado polo arquitecto Eugenio Torreira Pais, asinado en data 02.02.2026 e documentación complementaria asinada en data 12.02.2026.

A edificación (referencia catastral 6349310NH2465S0058SA) na que se van executar as obras atópase dentro dun ámbito de solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1.

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Rematadas as obras deberá presentar comunicación previa de actividade debendo achegar a seguinte documentación: certificación final de obra asinada polo autor do proxecto de acondicionamento.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 144,00 euros.
 - Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 208,57 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA CONSUELO CAMIÑO VILLAVERDE, na que comunica que vai derrubar un caseto de 36 m², executado con muros de fábrica de bloque sen revestir e cuberta de fibrocemento, sito no lugar de A Telleira nº 6 (Bastavales).

A parcela (referencia catastral 9427601NH2492N0001JF) onde se pretenden executar as obras atópase dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza NRL-1 para as áreas consolidadas pola edificación.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 16,47 euros.
 - Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 81,04 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por FRANCISCO MANUEL SEÑORÍS CARBALLO, na que comunica que vai executar obras en dúas parcelas sitas no lugar de Tembra, consistentes en:

- Edificación auxiliar (alpendre), dunha única planta e de escasa entidade construtiva, cunha superficie de 50 m², a construír en fábrica de bloque revestido e pintado e cuberta plana, situada a máis de 5 metros dos lindeiros e a máis de 4 metros do eixe do vial, a executar na parcela con referencia catastral 15013B501002260000ML

- Peche, en fábrica de bloque revestido e pintado e arame por enriba, afastado a máis de 4 metros do eixe do vial, con dous portalóns de acceso, a executar na parcela catastral 15013B501002260000ML e na parte que se sitúa fora da protección de leitos da parcela catastral 15013B501002250000MP.

As parcelas onde se pretenden executar as obras aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo rústico e parte da parcela coa referencia catastral 15013B501002250000MP, situase dentro da zona de protección de leitos dun rego.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A altura máxima do peche será de 1,50 m.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 412,50 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 477,07 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Manuel García Martínez, que di actuar en representación de JOSÉ MANUEL CALVO MARTÍNEZ, na que comunica que vai instalar placas fotovoltaicas (14) para autoconsumo na vivenda sita no lugar de Brans de Abaixo nº 39 – Brión. As placas, segundo a memoria técnica asinada por Manuel García Martínez, en data 16.02.2026, instaláranse sobre a cuberta plana da vivenda, suxeitas mediante unha subestrutura de aluminio.

A vivenda (referencia catastral 7066205NH2476N0001JT) onde se pretenden executar as obras atópase dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 110,00 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 174,57 euros.

TERCEIRO.- COMUNICACIÓN PREVIA PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Francisco Javier Fernández Echeverría, que di actuar en representación de DANIEL NEO QUINTÁNS, na que comunica a primeira ocupación da vivenda situada en Piñeiro 43 – Os Ánxeles.

Antecedentes:

1. Con data 03.08.2021 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a AMARA GONZÁLEZ NOYA e DANIEL NEO QUINTÁNS, para construír unha vivenda unifamiliar e piscina en Buio 19, Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echeverría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 16.06.2021 e documentación complementaria visada o 20.07.2021 (expediente 2103510).

2. Con data 04.07.2023 a Xunta de Goberno Local rectificou un erro material no acordo da Xunta de Goberno Local sinalada, nos seguintes termos: onde di Buio 19, Os Ánxeles, debe dicir: Piñeiro 43, Os Ánxeles.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra asinado polo arquitecto F. Javier Fernández Echeverría con data 22.04.2025, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 11.09.2025, acorda por unanimidade:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a primeira ocupación comunicada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-. Taxa pola comunicación previa de primeira ocupación: 96,85 euros.

Total: 96,85 euros.

CUARTO.- COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE OBRAS.

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por María Dolores Blanco Pouso, que di actuar en representación de JENNIFER SUMAY GARCÍA e ÁLVARO GANDARILLAS DE LA FUENTE, solicitando autorización para o inicio das obras de construción dunha vivenda, edificación complementaria e pérgola, en Guitiande 73 – Os Ánxeles.

Antecedentes:

1. Con data 03.06.2025 a Xunta de Goberno Local concede licenza a ROSA MARÍA GARCÍA CARBIA e LUIS SUMAY VIDAL, para a construción dunha vivenda unifamiliar, edificación complementaria e pérgola en Guitiande 73 – Os Ánxeles, segundo proxecto básico asinado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso con data maio de 2025.

2. Con data 16.12.2025 a Xunta de Goberno Local toma coñecemento e autoriza o cambio de titularidade da licenza de obra concedida por pola Xunta de Goberno Local do 03.06.2025, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, poñendo como titular da licenza de obra en Guitiande 73 – Os Ánxeles a JENNIFER SUMAY GARCÍA, que queda subrogada en todos os dereitos e obrigas derivados deste expediente.

3. Con data 24.02.2026 achega comunicación previa para o inicio das obras, acompañada de documentación correspondente, a nome de JENNIFER SUMAY GARCÍA e ÁLVARO GANDARILLAS DE LA FUENTE.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da presentación do proxecto de execución asinado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 05.02.2026

(expte. núm. 2503431) e documentación complementaria (oficio de dirección de obra, oficio de dirección de execución da obra e nomeamento do coordinador de seguridade e saúde), que desenvolve o proxecto básico que conta con licenza outorgada pola Xunta de Goberno Local de data 03.06.2025, e autorizar o inicio das obras.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 64,57 euros.

QUINTO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por David Alonso Gregoris, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico de 9,20 Kw a unha vivenda unifamiliar sita no lugar de Brans de Abaixo nº 42 - Brión, abrindo unha gabiá de 4 ml, sobre un vial municipal segundo o proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Antonio Javier Sabín Vázquez en data 14.11.2025.

A vivenda obxecto de subministro (referencia catastral 7166842NH2476N0001TT) sitúase dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 91,02 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 18,20 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 82,77 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por David Alonso Gregoris, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico de 6,90 Kw a unha vivenda unifamiliar sita no lugar de Perros nº 33 – Os Ánxeles, abrindo unha gabiá de 10 ml, sobre un vial municipal segundo o proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Antonio Javier Sabín Vázquez en data 03.12.2025.

A vivenda obxecto de subministro (referencia catastral 15013B505012230001QS) sitúase dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo rústico apto para urbanizar que de acordo coa Disposición transitoria primeira da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, aplicaráselle o réxime de solo rústico da citada lei.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 132,60 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 26,52 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 91,09 euros.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por MARÍA DEL CARMEN VILANOVA VÁZQUEZ, na que solicita licenza para reparar un tramo do muro de mampostería granítica, de menos de seis metros, fronte a rúa Pedriñas no lugar de Pedrouzos, Brión. A reparación consistirá en repoñer coa mesma pedra a parte interior caída mantendo a altura actual do mesmo sobre o vial municipal (1.10 m) garantindo así as condicións de seguridade estrutural do mesmo.

A parcela parcela onde se pretenden executar as obras, atópase dentro da delimitación de solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1, e sitúase dentro da contorna de afección dun ben catalogado polo PXOM, concretamente a "Antiga Escola Unitaria de Pedrouzos" clave identificativa (BE12), con nivel de protección estrutural.

En virtude do establecido polo artigo 39 da Lei 5/2016, de 4 de maio, de Patrimonio Cultural de Galicia esta actuación non necesita da autorización previa en materia de patrimonio cultural, correspondéndolle ao concello a súa autorización, baixo o procedemento establecido no artigo 142.2.b. da Lei 2/2026, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos polo arquitecto municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

1. A contorna de protección debe manterse cos seus valores ambientais, polo que as intervencións que se realicen deben resultar harmoniosas coas condicións características do ámbito. Deberán procurar a súa integración en materiais, sistemas construtivos, volume, tipoloxía e cromatismo, así como garantir a contemplación adecuada do ben.

2. En concreto, teranse en conta os seguintes criterios específicos, sen prexuízo da aplicación de criterios de viabilidade para a implantación e desenvolvemento de intervencións e actividades:

a) Procurarase evitar os movementos de terras que supoñan unha variación significativa da topografía orixinal da contorna.

b) Procurarase a súa compatibilidade cos elementos configuradores da estrutura territorial tradicional, como son a rede de camiños, os muros de peche, sebes, tapias, noiros e outros semellantes.

c) Empregaranse materiais, solucións construtivas e características dimensionais e tipolóxicas en coherencia co ámbito en calquera tipo de intervención.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 18,00 euros.
.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
Total: 82,57 euros.

SEXTO .- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Clara Sabín Otero, que di actuar en representación de MARÍA DEL PILAR NIMO IGLESIAS, solicitando licenza para a rehabilitación e ampliación dunha edificación e cambio de uso a vivenda en Gontade 17 – Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución asinado pola arquitecta Clara Sabín Otero, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 09.04.2025, documentación complementaria visada con data 08.05.2025 (expte. 2501955) e anexo de data agosto 2025.

A parcela onde se van executar as obras (referencia catastral 5533901NH2453S0001UM) emprázase sobre un ámbito de solo con dúas clasificacións:

- 255,30 m² en solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación (NRL-1), séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM.
- 45,70 m² en solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación (NRL-2), séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- . A obra axustarase estritamente ao proxecto básico e de execución asinado pola arquitecta Clara Sabín Otero, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 09.04.2025, documentación complementaria visada con data 08.05.2025 (expte. 2501955) e anexo de data agosto 2025.
- . Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, art. 24 da Lei 2/2016 do solo de Galicia, (12,80 m² asinados en documento administrativo de cesión), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela, a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- . A obtención da licenza para a rehabilitación, ampliación e cambio de uso, non implica licenza para o peche, para o que deberá facer unha nova solicitude.
- . Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- . Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- . Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas

técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza. No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. Os ditos prazos poderán prorrogarse a solicitude do titular da licenza sempre e cando a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

-. Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

-. Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

-. Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

-. Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de: 12,80 m², destinados a regularización do viario, previsto no artigo 24.2) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 16 de febreiro de 2026.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) provisional: 1.280,56 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 1.376,59 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Proyectopia S.L., que di actuar en representación de SYLVIE CARDENOSO TALAVERA e RAMÓN ANDRÉS QUESADA PLASENCIA, solicitando licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Guisande 51 – Os Ánxeles, segundo proxecto básico sen visar asinado polo arquitecto Victor Manuel Hermo Sánchez, con data 13.02.2026.

A parcela onde se van executar as obras (referencia catastral 6534609NH2463S0001HR) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. Consonte co disposto no artigo 143.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o inicio das obras autorizadas esixirá a presentación no concello dunha comunicación previa, acompañada do correspondente proxecto de execución e da

documentación complementaria que proceda (oficio de dirección da obra, oficio de dirección da execución da obra e nomeamento do coordinador de seguridade e saúde).

Coa devandita comunicación previa achegarse, ademais, un documento asinado pola persoa técnica que redactase o proxecto de execución, onde sinale que este se axusta e desenvolve as determinacións do proxecto básico que serviu para a concesión da licenza sen introducir modificacións substanciais.

Se o proxecto de execución modifica de forma substancial o proxecto básico autorizado, a persoa interesada deberá solicitar previamente a modificación da licenza outorgada coa documentación esixida, e non poderá iniciar a obra en tanto non a obteña.

Para estes efectos, terán a consideración de modificacións substanciais do proxecto básico os cambios de uso, así como aquelas que afecten as condicións de volume e forma dos edificios, a posición e ocupación do edificio na parcela, a edificabilidade, as alturas, os retranqueos e a separación a linde, o número de vivendas, as condicións de seguridade e outras de análoga incidencia.

- A obra axustarase estritamente ao proxecto básico sen visar asinado polo arquitecto Víctor Manuel Hermo Sánchez, con data 13.02.2026.

- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (aceptados pola Xunta de Goberno Local de data 20.12.2022), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela, (formación de beirarrúa de 1,80 m de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar, non implica licenza para o peche, para o que deberá facer unha nova solicitude.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza. No caso de incumprimento dos prazos citados procederáse á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. Os ditos prazos poderán prorrogarse a solicitude do titular da licenza sempre e cando a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 7.175,37 euros.
 - Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.
- Total: 7.271,40 euros.

SÉTIMO.- MODIFICACIÓN DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Antonio Fariña García, que di actuar en representación de FORRAJES CONDOMIÑAS S.C., na que solicita a modificación da licenza concedida para a ampliación de corte e instalacións complementarias á explotación gandeira, no lugar de A Telleira – Bastavales, segundo o “Modificado I ao proxecto de execución de ampliación de corte e instalacións complementarias a explotación”, asinado polo enxeñeiro técnico agrícola Adrián Villar Ramos, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de A Coruña e Pontevedra con data 26.11.2025 (nº20250218-2.M) e documentación anexa visada con data 27.01.2026 (nº20250218-3.A).

Antecedentes:

1.- A Xunta de Goberno Local de data 03.06.2025 concedeulle licenza a FORRAJES CONDOMIÑAS S.C., para a ampliación de corte e instalacións complementarias á explotación gandeira existente, no lugar de A Telleira – Bastavales, segundo proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Adrián Villar Ramos, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de A Coruña e Pontevedra con data 17 de marzo 2025 e documentación complementaria visada con data 6 de maio 2025 (nº20250218).

2.- En data 28/11/2025 solicítase modificación da licenza no seguinte senso:

- Ampliar a superficie construída da esterqueira cuberta, que pasa de 366,40 m² a 504,00 m², e modificar a súa situación na parcela.
- Ampliar a superficie de arranxo do acceso de 1.710 m² a 1.852,67 m².
- Modifica o presuposto de execución material de 163.126,54 € a 170.626,28 €.

Modificando as condicións de edificabilidade e ocupación no seguinte senso:

- Superficie construída total modificada: 4.114,10 m².
- Ocupación modificada: 9,90 % < 60%.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Aprobar a modificación da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local do 03.06.2025, a favor de FORRAJES CONDOMIÑAS S.C., para a ampliación de corte e instalacións complementarias á explotación gandeira existente, no lugar de A Telleira – Bastavales, conforme co “Modificado I ao proxecto de execución de ampliación de corte e instalacións complementarias a explotación”, asinado polo enxeñeiro técnico agrícola Adrián Villar Ramos, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de A Coruña e Pontevedra con data 26.11.2025 (nº20250218-2.M) e documentación anexa visada con data 27.01.2026 (nº20250218-3.A), coa seguinte condición: *O interesado fará constar no Rexistro da Propiedade a vinculación da superficie da totalidade da parcela catastral (41.592 m²) á construción (4.114,10 m²) e ao uso autorizado (explotación gandeira), segundo o artigo 39.e) da Lei 2/2016, do solo de Galicia;* manténdose no demais as condicións da licenza inicial que despregará tódolos seus efectos salvo no referido ás presentes modificacións, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 64,57 euros.

OITAVO.- CAMBIO DE TITULARIDADE LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por María Dolores Blanco Pouso, que di actuar en representación de JENNIFER SUMAY GARCÍA e ÁLVARO GANDARILLAS DE LA FUENTE, na que solicita o cambio de titularidade da licenza de obra maior para construción dunha vivenda unifamiliar, edificación complementaria e pérgola, en Guitiande 73 - Os Ánxeles, segundo proxecto de execución asinado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 05.02.2026 (expte. núm. 2503431) e documentación complementaria, nos que se recolle como promotores a JENNIFER SUMAY GARCÍA e ÁLVARO GANDARILLAS DE LA FUENTE.

Antecedentes:

1. En data 03.06.2025 a Xunta de Goberno Local concede licenza a ROSA MARÍA GARCÍA CARBIA e LUIS SUMAY VIDAL, para a construción dunha vivenda unifamiliar, edificación complementaria e pérgola en Guitiande 73 – Os Ánxeles, segundo proxecto básico asinado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso con data maio de 2025.

2. En data 16.12.2025 a Xunta de Goberno Local toma coñecemento e autoriza o cambio de titularidade da licenza de obra concedida por pola Xunta de Goberno Local do 03.06.2025, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, poñendo como titular da licenza de obra en Guitiande 73 – Os Ánxeles a JENNIFER SUMAY GARCÍA, que queda subrogada en todos os dereitos e obrigas derivados deste expediente.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar o cambio de titularidade da licenza de obra solicitada, para a construción dunha vivenda unifamiliar, edificación complementaria e pérgola en Guitiande 73 – Os Ánxeles, concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 03.06.2025, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, poñendo como titular da licenza de obra a JENNIFER SUMAY GARCÍA e ÁLVARO GANDARILLAS DE LA FUENTE, promotores recollidos no proxecto de execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o

05.02.2026 (expte. núm. 2503431), que quedan subrogados en todos os dereitos e obrigas derivados deste expediente.

2º) Notificar este acordo aos interesados para o seu coñecemento e efectos.

NOVENO.- PRÓRROGA DE COMUNICACIÓN PREVIA OBRAS.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MARÍA MERCEDES CASALDOEIRO FREIRE, na que solicita prórroga para o remate das obras de de reparación da cuberta da vivenda nº 3 do lugar de Espiñeiros nº 3 e do galpón anexo.

Antecedentes:

1. Con data de 11.03.2025 a Xunta de Goberno Local autorizou a interesada mediante o trámite de comunicación previa a execución de obras para reparar a cuberta (90 m²) da vivenda sita en Espiñeiros nº 3- Luaña, substituíndo a tella vella existente por outra nova das mesmas características. Tamén vai arranxar a cuberta dun galpón de 40 m2 anexo á vivenda, substituíndo as pranchas de fibrocemento existentes por outras novas de similares características e tella cerámica curva por enriba.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade acorda:

1º) Conceder unha prórroga de 6 meses para o remate das obras, contados desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e efectos.

DÉCIMO.- LICENZA DE VAO PERMANENTE.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por ABEL ALAMILLO GORDO, na que solicita licenza municipal para a colocación dun vao permanente para a entrada e saída de vehículos do garaxe da vivenda sita en Quintáns nº 20 – Brión.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola policía local en data 26.02.2026, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a autorización para instalar o vao permanente (4 m), nos termos establecidos na Ordenanza xeral municipal sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, (BOP nº 151, do 10/08/2010), deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa por entrada de vehículos: 63,00 euros.

Total: 63,00 euros.

DÉCIMO PRIMEIRO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 14,22 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario dou fe.



O alcalde
Vº e Prace
Pablo Lago Sanmartín

Praza do Concello, 1
15865 - Brión

981 887 006
concello@concellodebrion.gal
www.concellodebrion.gal

O secretario
Javier Nieves González